# PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE CAPATAZ POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2020-2021-2022)

## ANUNCIO DE APERTURA DO SOBRE DE FOLLAS IDENTIFICATIVAS, RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO PRIMEIRO EXERCICIO TIPO TEST, NOVAS PUNTUACIÓNS E CONVOCATORIA PARA REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO

**PRIMEIRO.- Apertura do sobre de follas identificativas**

Realizada a apertura do sobre de follas identificativas, na sesión do 19 de xuño de 2026, o resultado é o seguinte:

| ID | Apelidos | Nome |
|---|---|---|
| 003372 | LUGO PRADO | ELOY |
| 004157 | RODRÍGUEZ BARBOSA | FRANCISCO JOSÉ |
| 004270 | MARTÍNEZ VIEITEZ | JOSÉ MANUEL |
| 005168 | MARTÍNEZ BARREIRO | JOSÉ MANUEL |
| 005281 | GONZÁLEZ SEIJO | JOSÉ ANTONIO |
| 120132 | GONZÁLEZ PORTAL | LUIS MANUEL |
| 120245 | GOBERNA TRIGO | FIDEL |
| 120358 | COMESAÑA FERNÁNDEZ | LUIS |
| 120471 | ALFONSO PAZ | JESÚS |

**SEGUNDO.- Resolución de alegacións o primeiro exercicio tipo test**

Con referencia ás alegacións presentadas ao primeiro exercicio tipo test, o órgano de selección acordou o seguinte:

**I.- Documento 260148129 (DNI ***0181**): Pregunta 4. Foi formulada nos seguintes termos:**

*4.- Según el artículo 26 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local, los municipios con población superior a 5.000 habitantes no deberán prestar los servicios de:*

*a) Parque público.*

*b) Biblioteca pública.*

***c) Mercado.***

*d) Deberán prestar todos los servicios anteriores.*

A persoa recorrente alega que tanto a resposta c) como a resposta d) son incorrectas polo que "*ninguna de las respuestas ofrecidas se corresponde de forma exacta con el contenido del artículo 26 vigente de la ley 7/1985, lo que genera una situación de indeterminación e impide identificar una respuesta inequívocamente correcta.*" No entanto, a única resposta

ASINADO POR: TÉCNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARÍA DOLORES SOTELO GALLEGO ) 26/06/2026 14:40:09

Documento asinado

correcta é a c) xa que o artigo 26.1 da Ley 7/1985 indica textualmente que os municipios de mais de 5.000 habitantes deberán prestar, ademais dos servizos recollidos no apartado a) ( "*alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas*"), os servizos de "*parque público, biblioteca pública y tratamiento de residuos*"). Polo que as respostas a) e b) serían incorrectas porque si están obrigados a prestar estes servizos, e a resposta d), tamén sería incorrecta, porque indica que están obrigados a prestar os tres servizos anteriores, incluíndo o mercado (letra c)).

En vista do anterior, o órgano de selección acorda por unanimidade desestimar a alegación presentada.

**II.- Documentos 260148129 (DNI ***0181**) e 260149561 (DNI ***2691**): Pregunta 14. Foi formulada nos seguintes termos:**

*14.- Según la guía de funciones de capataz vigente en el Concello de Vigo por acuerdo de la Junta de Gobierno Local del 14 de noviembre de 2016, ¿cuál de las siguientes no será competencia de un capataz?*

*a) Responsabilizarse del inventariado del material a su cargo.*

*b) Asumir la realización de funciones de naturaleza general vinculadas al adecuado desarrollo de las competencias.*

*c) Atender e informar al público en las materias que sean competencia del servicio o unidad a la que pertenezca.*

*d) Recuperar la información y generar los documentos requeridos (listados, informes, etc.)*

Os aspirantes impugnan a pregunta nº 14 argumentando que a función de "*responsabilizarse del inventariado del material a su cargo*" (opción a)) equivale ou é idéntica a "*supervisión e control do almacén do servizo no referente a saídas e entradas de maquinaria, material, ferramentas, equipos, etc.*", por un lado, e que non pode considerarse unha "*función ajena o incompatible con las competencias descritas en la citada guía*", por outro lado.

A Guía de Funcións vixente no Concello de Vigo (aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de novembro de 2016) recolle de forma expresa e literal para o posto de Capataz as tarefas sinaladas nas opcións b), c) e d). Pola contra, a función descrita na opción a) ("*Responsabilizarse del inventariado del material a su cargo*") non está atribuída a esta categoría no citado documento normativo.

Existe unha clara diferenza técnica e administrativa entre ambas as dúas funcións. Mentres que "*responsabilizarse do inventariado do material ao seu cargo*" (opción a)) fai referencia a un deber de custodia, rexistro estático e control patrimonial dos bens concretos que lle son asignados ao Capataz para o traballo operativo do seu equipo, a "*supervisión e control do almacén do servizo*" implica unha xestión loxística integral, control de fluxos de stock xerais, compras e fiscalización ordinaria de entradas e saídas de todo un departamento.

Dado que as bases e o temario oficial se remiten textualmente á Guía de Funcións aprobada pola XGL, o exercicio avalía o coñecemento estrito das competencias normativamente asignadas. Ao constar de forma explícita as opcións b), c) e d) dentro da ficha do posto de Capataz, estas consideraranse validas e a única opción que non responde correctamente ao enunciado é a a).

ASINADO POR: TÉCNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARÍA DOLORES SOTELO GALLEGO ) 26/06/2026 14:40:09

Documento asinado

Por todo o exposto, acordase manter a opción a) como a única resposta correcta, en consecuencia acordase desestimar a alegación presentada polos aspirantes.

**III.- Documento 260145376 (DNI ***2691**): Pregunta 16. Foi formulada nos seguintes termos:**

*16.- Los fluxores son:*

*a) Llaves de paso general.*

***b) Grifos de gran caudal y cierre automático que sustituyen a tanques altos o bajos de inodoros y urinarios.***

*c) Dispositivos de descarga de agua que se pulsan y una vez accionados, progresivamente vuelven a su posición de cierre con mecanismo temporizador.*

*d) Grifos de uso en fregaderos que una vez pulsados se mantienen abiertos hasta que se vuelven a pulsar, de uso en viviendas.*

O recorrente solicita a anulación da pregunta 16, ao considerar que tanto a opción b) coma a opción c) serían respostas válidas.

Para a elaboración da pregunta empregouse o libro normativo "Ayudantes de Oficios Peones Especializados", Edit. Adams I.S.B.N: 978-84-15393-96-2 e recolle como definición de fluxor "son grifos de gran caudal y cierre automático que están sustituyendo a los tanques altos y bajos de urinarios, inodoros y vertederos"

A opción B establece que os fluxores son: *«Grifos de gran caudal y cierre automático que sustituyen a tanques altos o bajos de inodoros y urinarios»*.

Esta definición é impecable e recolle a esencia técnica, a función e a singularidade do dispositivo na fontanaría.

A opción C describe os fluxores como: *«Dispositivos de descarga de agua que se pulsan y una vez accionados progresivamente vuelven a su posición de cierre con mecanismo temporizador»*.

Esta opción debe descartarse como a resposta correcta por incorrer nunha indeterminación excesiva, xa que define de forma xenérica a calquera billa temporizada e non especificamente a un fluxor. Asemade, indicar que os fluxores non sempre teñen mecanismos temporizadores.

Por todo o exposto, a opción b) é a única que delimita de forma inequívoca o concepto de fluxor, mentres que a opción c) é unha definición xenérica dun mecanismo temporizado, en consecuencia acordase desestimar a alegación presentada polo aspirante.

**IV.- Documento 260149561 (DNI ***2691**): Pregunta 23. Foi formulada nos seguintes termos:**

*23.- Según el Protocolo para la prevención y actuación en materia de acoso psicológico en el trabajo en el Concello de Vigo, el grupo de valoración, para la investigación y evaluación de las comunicaciones derivadas de los conflictos que puedan ser constitutivos de acoso psicológico en el trabajo podrá requerir la presencia o informe técnico de:*

*a) La jefatura del Área de RRHH y Formación o técnico/a del área de RRHH y Formación en quien delegue .*

ASINADO POR: TÉCNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARÍA DOLORES SOTELO GALLEGO ) 26/06/2026 14:40:09

Documento asinado

*b) Un/a representante sindical de los empleados/as públicos municipales designado por el Comité de Personal.*

***c) Un/a funcionario/a de la Asesoría Jurídica Municipal.***

*d) La secretaría de Gobierno Local o funcionario/a en quien delegue.*

O aspirante alega que a pregunta formulada "*excede del contenido exigible conforme al temario, generando indefensión a las personas aspirantes al exigir un conocimiento específico no incluido de forma clara en el material de referencia*". No entanto, o órgano de selección considera que é fundamental, para un posto como o de capataz, o coñecemento do Protocolo para a prevención e actuación en materia de acoso psicolóxico no traballo do Concello de Vigo, de cara a realizar unha correcta valoración do clima laboral xa que é a ferramenta que permite medir o grao de seguridade e benestar psicolóxico dos/as traballadores/as o que redunda nun clima laboral saudable e seguro xurídica e emocionalmente.

Tendo en conta o anterior, o órgano de selección acorda por unanimidade desestimar a alegación presentada polo aspirante.

**V.- Documento 260145376 (DNI ***2691**): Pregunta 25. Foi formulada nos seguintes termos:**

*25.- ¿Desde que altura no se pueden realizar trabajos con escalera de mano para el cambio de un tubo led?*

*a) A más de 3 m de altura desde el punto de operación al suelo.*

*b) A cualquier altura utilizando equipo de protección anticaídas.*

***c) A más de 3,5 m de altura desde el punto de operación al suelo.***

*d) A más de 2,5 m de altura desde el punto de operación al suelo.*

Alega o aspirante que a pregunta induce a erro xa que o Real Decreto 1215/1997, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde non establece unha prohibición de realización de traballos con escaleira de man, en todo caso, en altura superior a 3,5 metros. En concreto, el Real Decreto indica que "*Los trabajos a más de 3,5 metros de altura, desde el punto de operación al suelo, que requieran movimientos o esfuerzos peligrosos para la estabilidad del trabajador, sólo se efectuarán si se utiliza un equipo de protección individual anticaídas o se adoptan otras medidas de protección alternativas*". Por tanto, e tal e como indica o aspirante, a pregunta non está formulada coa exactitude suficiente para que non poida inducir a erro.

Polo tanto, en vista do anterior, o órgano de selección procede a estimar a alegación formulada e acorda, por unanimidade, anular a pregunta 25 e a valorar, no seu lugar, a primeira de reserva (pregunta nº 31).

**VI.- Documento 260145376 (DNI ***2691**)**

O aspirante solicita a seguinte documentación

1. Actas das sesións do órgano de selección ata a celebración do primeiro exercicio da fase de oposición. O órgano de selección acorda darlle vista das devanditas actas presencialmente para o que deberá indicar, en comunicación a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, a hora e o día, dos que a continuación se indican, que se

ASINADO POR: TÉCNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARÍA DOLORES SOTELO GALLEGO ) 26/06/2026 14:40:09

Documento asinado

persoaría na sala da Mesa de Contratación, sita no segundo andar da Casa Consistorial: luns 29 de xuño, mércores 1 de xullo ou xoves 2 de xullo, entre as 9:00 e as 14:00 horas.

2. Documentación e metodoloxía relativa a elaboración do primeiro exercicio da fase de oposición, así como, información relativa a garda, custodia e conservación do exame dende a súa elaboración e calquera outra documentación relativa os aspectos mencionados. O órgano de selección informa que a elaboración e custodia do exame realizouse seguindo o estipulado nas bases xerais (BOPPO nº169 de 30 de agosto de 2024) e específicas (BOPPO nº21 de 31 de xaneiro de 2025) deste proceso selectivo.
3. Plantilla oficial de respostas correctas e copia da folla de respostas do aspirante. O órgano de selección acorda enviar, ao aspirante, este último documento comunicándolle que a plantilla de respostas correctas xa foi publicada na web do Concello de Vigo.

**TERCEIRO.- Nova corrección do exame**

Resoltas as alegacións procédese a realizar a nova corrección dos exames tendo en conta a anulación da pregunta 25 do primeiro exercicio e a inclusión, no seu lugar, da primeira pregunta de reserva (nº 31), acordada por unanimidade do Tribunal na presente sesión.

O resultado da nova corrección é o seguinte:

| ID | Apelidos | Nome | Ben | Mal | NC | Puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 003372 | LUGO PRADO | ELOY | 21 | 5 | 4 | 6.167 |
| 004157 | RODRÍGUEZ BARBOSA | FRANCISCO JOSÉ | 23 | 6 | 1 | 6.667 |
| 004270 | MARTÍNEZ VIEITEZ | JOSÉ MANUEL | 12 | 16 | 2 | 1.333 |
| 005168 | MARTÍNEZ BARREIRO | JOSÉ MANUEL | 11 | 15 | 4 | 1.167 |
| 005281 | GONZÁLEZ SEIJO | JOSÉ ANTONIO | 17 | 10 | 3 | 4.000 |
| 120132 | GONZÁLEZ PORTAL | LUIS MANUEL | 10 | 8 | 12 | 2.000 |
| 120245 | GOBERNA TRIGO | FIDEL | 17 | 11 | 2 | 3.833 |
| 120358 | COMESAÑA FERNÁNDEZ | LUIS | 19 | 7 | 4 | 5.167 |
| 120471 | ALFONSO PAZ | JESÚS | 27 | 1 | 2 | 8.833 |

**CUARTO.- Plantilla de respostas**

| | |
|---|---|
| 1 | c |
| 2 | c |
| 3 | b |
| 4 | c |
| 5 | c |
| 6 | c |
| 7 | a |
| 8 | d |

| | |
|---|---|
| 16 | b |
| 17 | b |
| 18 | a |
| 19 | b |
| 20 | c |
| 21 | b |
| 22 | a |
| 23 | c |

ASINADO POR: TÉCNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARÍA DOLORES SOTELO GALLEGO ) 26/06/2026 14:40:09

Documento asinado

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 9 | b | | 24 | b |
| 10 | a | | 26 | d |
| 11 | d | | 27 | c |
| 12 | a | | 28 | c |
| 13 | b | | 29 | c |
| 14 | a | | 30 | c |
| 15 | d | | 31 | b |

**QUINTO.- Convocatoria para a realización do segundo exercicio**

Convócase aos aspirantes que superaron o primeiro exercicio á realización do segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, o venres 3 de xullo de 2026 ás 12:00 horas, na aula de formación da Policía Local.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A secretaria do órgano de selección

ASINADO POR: TÉCNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARÍA DOLORES SOTELO GALLEGO ) 26/06/2026 14:40:09

Documento asinado



Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv